

# Cítaos como autores favoritos cando accede á vice-presidencia da Xunta Fernández de la Mora e Moure Mariño figuraron durante anos como mestres pensadores na biografía de Raxoi

GUSTAVO LUCA

Mariano Raxoi defendeu sen mágoa e durante longos anos o vello ideoloxema conservador de que a desigualdade entre as persoas é natural e inevitábel. Os argumentos do candidato á sucesión de Aznar identifícanse sempre co ideario común do racismo e invocan de lonxe os razoamentos da chamada nova dereita da ciencia.


A publicación de dous artigos nos que explicou que as capacidades intrínsecas inscritas nos xenes (ver ANT números 265 e 1.118) determinaban sen apelación o destino de cada ser humano, deu lugar a sucesivas preguntas dos medios que acompañaron o seu ascenso político dentro de AP e do PP.

A crítica publicada en ANT (número 265) sobre o carácter reaccionario das súas opinións na prensa, deu lugar a protestas directas de profesionais do entorno político de Raxoi, no sentido de que era inxusto tratar así a quen representaba a modernidade dentro de AP.

Esas queixas a respecto da incompreensión dun progresismo de fondo na personalidade do político santiagués non agachaban os propios sinais de contradiciedade ao verse tratado como racista en letra impresa.

Con todo, a medida que cobre etapas diferentes na súa carreira política, Raxoi regresa aos seus mestres do pensamento. Ao ocupar a vice-presidencia da Xunta, a biografía que divulgou a TVG citou a súa afección pola bioloxía xenética. *Faro de Vigo* lembrou que era un consumado lector de libros de bioloxía e de xenética. *La Voz de Galicia* sinala a predilección do político por Gonzalo Fernández de la Mora e por Luís Moure Mariño. Estes autores desapareceron da súa biografía oficial a partir da súa integración no Consello Político do PP.

Cando xa ian transcorridos



Gonzalo Fernández de la Mora, autor de *El crepúsculo de las ideologías* e *La envidia igualitaria*.

dous anos da publicación do seu artigo *La Desigualdad Humana*, o sucesor de Aznar concede unha entrevista a Tucho

Calvo para *La Voz de Galicia*. Despois de opinar contra das incompatibilidades dos cargos públicos e de lairse da falla de

interese de médicos e científicos en xeral polo cultivo das humanidades, Raxoi responde á unha pregunta do xornalista so-

bre as lecturas que máis lle interesan: “A envexa é dos temas que máis me gustan porque penso que ten aplicacións prácticas e axuda a coñecer o cidadán”. Tucho Calvo sinala nun inciso que o entrevistado cita un libro de Gonzalo Fernández de la Mora que trata da envexa. Non cita o título, pero non é preciso porque Fernández de la Mora só ten un ensaio que se ocupa da envexa, o titulado *La Envidia Igualitaria* que dera lugar á glosa de Raxoi publicada no *Faro de Vigo* un ano antes.

O actual candidato do PP á presidencia só vai citar dous libros para corresponder á pregunta xenérica sobre lecturas. O segundo é o de Luís Moure Mariño. Non cita o título, mais é obvio que fai referencia á *La Desigualdad Humana* deste autor. Dí Raxoi: “Outro tema que me preocupa moito é o da igualdade-desigualdade humana no que está a base da diferenza ideolóxica dos partidos de dereita e esquerda, aqueles máis partidarios da iniciativa privada e con maior fe no home e os segundos con bastante máis tendencia á estatización e ao Estado providencia”. ♦

## Determinismo xenético e conservadorismo vulgar

As opinións de Mariano Raxoi sobre o determinismo xenético proceden do conservadorismo vulgar encontrado co abuso do reduccionismo práctico e materialista que converte o xen en centro de atención dos programas de investigación para identificar a súa capacidade de xerar estruturas e comportamentos específicos. “Este salto entre xenes e fenotipo –explica o biólogo Diego Rasskin– non ten en conta que un embrión pasa por múltiples etapas con millóns de reaccións moleculares e procesos celulares”.

O determinismo biolóxico é apenas a cobertura política

do vello racismo e pretende que as vidas e os comportamentos humanos son consecuencias inexorábeis das propiedades bioquímicas das células que forman cada individuo. Polo tanto inducen que toda a sociedade se goberna por unha cadea de determinantes que van do xene ao individuo. As causas dos fenómenos sociais están, segundo esta liña de razoamento, na bioloxía.

Raxoi tamén responsabiliza a ciencia da desigualdade ao culpar a bioloxía e concretamente o herdo xenético da inevitabilidade do devir individual, porque o que é biolóxico ten a

súa razón de ser nos propios feitos naturais e aparece demostrado pola ciencia. Non se pode argumentar contra a bioloxía.

R.C. Lewontin resume os enunciados reduccionistas e a determinación biolóxica, aos que se suma Raxoi desde posicións do racismo vulgar, como a pretensión de que os comportamentos individuais poden ser tratados como obxectos en propiedades concretas localizadas no cerebro e esas propiedades poden ser medidas mediante escala de xeito que os individuos son susceptibles de clasificación daccordo con esas mesmas propiedades.

O determinismo biolóxico xustifica as desigualdades de estatus, riqueza e poder e se a ciencia proba –como argumenta Raxoi– que xa fomos programados xeneticamente, é absurdo estragar tempo e recursos cos que foron programados dende nacemento con menos cualidades. Dende 1990, en pleno ascenso como cadro do PP, Raxoi non volveu citar os seus dous mestres pensadores –Moure Mariño e Fernández de la Mora– e adoita citar nas entrevistas outros dous autores: o, igualmente conservador, Ortega de *La Rebelión de las Masas* e a don Benito Pérez Galdós. ♦